

“Onde se medra feliz”

Pestana: a sombra espida do poeta

Ricardo Polín
(Cronista Oficial de Castroverde)

*Fuches da mao aberta,
agorenta e perdida...*

Amenceu naquela terra con freires xunto da serra. Coa raioliña de sol que nace na Vacariza. E estendeu a súa silueta cun brazo a cada beira: da comuna de Negueira, sobre a Ponte Buadil, deica os rueiros de Lugo nos que adoito se movía montado na bicicleta.

Hoxe aluma máis que nunca e na Frairía agardan as estelas que fendeu pra coller forza nas maos. Falamos hai poucos días mentres facía a leña e tocaba a madeira. Dera forma a unha talla de 10 metros de altura, un tronco que ascendía cara os cornos da lúa.

Confesoume que en Peredo, na aira da súa casa, estaba o seu obradoiro. Logo deixouse levar polas Agrads de Touceda, o leiro da Rechaviña e a cortiña de Amordeus. Esa doce xeografía da Terra de Castro Verde, lembrando faragullíñas de laxas espenicadas e os toxais de estrar e as cavadas de folgado.

Lembroume cando era neno, apañando pola beira do camiño un fatadiño de arandos. Mostrábase “acoloutrado” e aínda así afirmaba que xamais tivera patria. Que a paisaxe era un invento dos que viñan de Madrid. Mais fora quen de escoitar as gaitiñas de centeo no alto do Sabugueiro, mentres durmía tranquilo arredor dese palleiro co que mesmo propoñía que se puidese tapar a Cidade da Cultura.

Logo fun ao seu estudo e conversei de vagar. Está na rúa Unidade, xunto á Praza de Alicante. Naquel local ateigado coa arte que foi creando, sentados sobre un escano, falamos desa muller que nacera coa beleza do mármore de Bolaño e agasalloume un poema co que dixo pretendía rematar con esa leria da épica infantil. Tamén dixo que sabía de milagres agachados e que a culpa dos borrados no seu

celular tardío co que tiña unha batalla encarnizada... era sempre de unha pega que entraba na pantalla. E volveu aos anos mozos nos tesos de Fonsagrada que saben da súa andaina, varexando as castañas ou capando os carballos que escachara a invernada.

E logo ese tufo mol que habitaba as corredoiras. E aquela tropa lixeira que arrastraba as zocas para acudir á escola e que para Paco era a maior felicidade, esa que non tiña un nome, mais a que deixaba un rastro. E os rapaces de Trascastro que pedían polas portas, e os carballos de Cazás, farturentos e arrogantes, e a festa da Pastora onde nace o río Neira, polavilas e ruadas con fachas polas congostras e galiñas estofadas.

Paco foi a sombra espida que corría sempre ceibe entre as camadas de fentos. Mais cando a neve arremeta aló no alto da serra, sobre os prados da Frairía que medran coa escorrentía, e se escoite o lobo aular no pico da Revoltiña, aínda os teus veciños che levaremos quentiño o teu caldiño de cimos e pan centeo con mel.

Porque ese sol que hoxe aluma nos campos de Castro Verde, é o mesmo que outrora arrequeitou a seara sobre a que tu levantaches unha meda de pantrigo. Noso veciño e amigo.
